



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO TERREO DE XOGO CON SISTEMA DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO ESTADIO MUNICIPAL MANUEL ANXO CORTIZO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don José Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.





SEGUNDO: No exercicio da devandita competencia, o Parlamento de Galicia ditou a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que no artigo 4 dispón que “no ámbito das súas respectivas competencias, as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte conforme aos seguintes principios: j) A planificación e promoción dunha rede de instalacións deportivas que posibilite a xeneralización práctica da actividade deportiva”.

TERCEIRO: Pola súa parte, o artigo 9 establece que as competencias en materia de deporte das diferentes administracións públicas de Galicia exerceranse baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral.

CUARTO: O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

QUINTO: O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

SEXTO: A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público regula a colaboración interadministrativa entre dúas ou máis administracións públicas para un fin común.

SÉTIMO: A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.l) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias as de promoción do deporte e instalacións deportivas.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as relativas a actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n) e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

OITAVO: O fomento do deporte base e da actividade física son unhas das liñas de actuación prioritarias da Secretaría Xeral para o Deporte as cales reclaman unha





mellor dotación das infraestruturas de libre acceso e mantemento alcanzable para poder chegar a todos os usuarios.

NOVENO: O Concello de Lalín conta con un recinto deportivo, denominado Estadio Municipal Manuel Anxo Cortizo, no que se localizan unha pista de atletismo, unha base para lanzamento de martelo e tres terreos de xogo, habilitados para fútbol, rugby e fútbol 7.

O concello pretende levar a cabo unha serie de actuacións para a mellora destas instalacións, que se desagregarán en catro fases, e que pasan pola execución dun novo terreo de xogo en substitución do actual, a construción dunha nova edificación que albergue unha bancada cara o terreo de xogo con vestiarios, oficinas, almacéns e demais equipamentos que dean servizo aos clubs deportivos, a demolición da bancada actual e a execución dun novo terreo de xogo de fútbol 7 cuberto.

O proxecto obxecto do presente convenio, se corresponde coa primeira das fases e pretende a transformación do actual campo de fútbol, dotado na actualidade de céspede natural, mediante a construción dun novo terreo de xogo con sistema de céspede artificial de última xeración, con mínimo mantemento e máximo grado de uso, segundo o proxecto básico e de execución redactado por Arco Consultora Técnica y Proyectos, SLP (arquitecto: Luis Fernández Fernández)

DÉCIMO: A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. É de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia estratéxica deste concello para a promoción do deporte en toda a súa comarca, sendo unha actuación imprescindible para poder cumprir adecuadamente a función para a cal foi construído este complexo deportivo. Destas circunstancias derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.





Polo exposto, as partes, ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recoñecen capacidade para formularen o presente convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Lalín para acometer a construción dun novo terreo de xogo con sistema de céspede artificial no Estadio municipal Manuel Anxo Cortizo, segundo o proxecto básico e de execución redactado por Arco Consultora Técnica y Proyectos, SLP, asinado polo arquitecto Luís Fernández Fernández.

SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de setecentos mil vinte e oito euros con quince céntimos (700.028,15 €) IVE incluído, desagregado en:

2.1. Execución das obras segundo o proxecto que ascende a cincocentos noventa e sete mil novecentos sesenta e dous euros e oitenta e dous céntimos (597.962,82 €) IVE incluído.

2.2. Custo dos honorarios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde que ascenden a trinta e oito mil catrocentos vinte e seis euros con corenta e un céntimos (38.426,41 €) IVE incluído.

2.3. Importe correspondente á certificación final da obra e dos honorarios que ascende a un total de sesenta e tres mil seiscentos trinta e oito euros con noventa e dous céntimos (63.638,92 €) IVE incluído, desagregado como segue:

- Certificación final da obra: 59.796,28 €





- Honorarios de dirección de obra, execución e coordinación de seguridade e saúde correspondentes á certificación final: 3.842,64 €

A Secretaría Xeral para o Deporte financiará ditas actuacións coa cantidade de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €) IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.622.1 (código de proxecto 2021 00100) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2021 co fin de posibilitar a contratación da obra así como os honorarios de dirección, execución e coordinación de seguridade e saúde da obra á que se refire o presente convenio.

Anualidade 2021	450.000,00 €
-----------------	--------------

Pola súa banda o Concello de Lalín achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de douscentos cincuenta mil vinte e oito euros con quince céntimos (250.028,15 €) que se imputarán con cargo á partida municipal 020.352.632 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2021

Anualidade 2021	250.028,15 €
-----------------	--------------

A introdución de modificacións ou aprobación de obras accesorias ou complementarias respecto do proxecto inicial que se vaia a executar será competencia exclusiva do órgano de contratación (isto é, da Secretaría Xeral para o Deporte), que as acordará en razón da xustificación que presenten e da súa conveniencia e oportunidade. Non obstante, o financiamento daquelas que teñan a súa orixe nunha proposta ou solicitude municipal corresponderá ao concello. En calquera caso para a introdución destas modificacións, deberá procederse a sinatura da addenda correspondente que as contemple.

No caso de que se produzan baixas na adxudicación do contrato de obra as achegas económicas da Secretaría Xeral para o Deporte e o concello veranse diminuídas en igual proporción que a que resulte de imputar as ditas baixas.

TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

3.1. Corresponderalle á Secretaría Xeral para o Deporte:

- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 04.40.441A.622.1, catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €), no exercicio orzamentario de 2021.





- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución das obras e dos honorarios correspondentes á dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da obra sinaladas na cláusula primeira, a súa xestión ata a finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Secretaría Xeral para o Deporte, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao Concello de Lalín para a súa incorporación ao servizo e uso público.

- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Secretaría Xeral para o Deporte, esta poñerá en coñecemento do Concello de Lalín, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello no punto 3º da seguinte cláusula, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

3.2. O Concello de Lalín comprométese, en virtude deste convenio, ás seguintes obrigas:

- A asunción das obrigas económicas derivadas deste convenio por un importe de douscentos cincuenta mil vinte e oito euros con quince céntimos (250.028,15 €) na anualidade de 2021.

Para estes efectos, previamente á sinatura do convenio, deberá remitir o correspondente documento de retención de crédito (RC) xunto coa certificación do órgano competente do concello de cumprimento destas obrigas con cargo ao orzamento do ano 2021. No seu defecto procederase segundo o previsto no artigo 59.Tres da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, compensando a achega do concello coa súa participación no Fondo de Cooperación Local.

Unha vez iniciadas as obras, a Secretaría Xeral para o Deporte irá remitindo ao Concello de Lalín os requirimentos de pago na proporción que resulte con respecto a súa participación económica, conforme se vaian tramitando os pagos das certificacións de obra e de honorarios.





No caso de que se demore a execución das obras procederase a sinatura dunha addenda na que se determinará o reaxuste das obrigas financeiras de cada unha das partes.

- Poñer a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte, os terreos e instalacións necesarias, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o seu titular.
- Levar a cabo, nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, a remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Secretaria Xeral para o Deporte poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte, a súa explotación e conservación.
- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Secretaría Xeral para o Deporte, a certificación na que se aproben explicitamente os compromisos a que fai referencia o artigo 2 do Decreto 246/1992, do 30 de xullo.
- De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o concello ten a obriga de subministrar á Secretaria Xeral para o Deporte toda a información que se lle requira en materia de transparencia. No caso de que este requirimento non sexa atendido no prazo que se estableza, procederá unha multa de 200,00 € mensuais ata o seu cumprimento.

Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:





a) Destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscrites nun rexistro público.

b) O concello, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

Co obxecto de facilitar a tramitación das distintas fases do convenio o concello autoriza expresamente á Secretaría Xeral para o Deporte, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, á obtención dos certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social así como a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve.

CUARTA: PUBLICIDADE DAS OBRAS

No exterior da instalación ou do recinto, o Concello de Lalín fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificador de ambas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.





QUINTA: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados, creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido ás obrigas específicas de información sobre convenios.

SEXTA: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Unha vez finalizadas as obras obxecto deste convenio, e asinada a acta de recepción, a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte, procederá a tramitar o acto de entrega das obras executadas o Concello de Lalín. En dito proceso será entregada unha memoria final de obra na que se recollan os planos finais das obras executadas, así como toda a documentación técnica vinculadas os equipamentos técnicos instalados, contemplando en cada caso as garantías de aplicación. Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.

Unha vez formalizado o acto de entrega, o Concello de Lalín asumirá a xestión da instalación na súa condición de titular, establecendo no ámbito das súas competencias o procedemento de xestión mais adecuado para garantir unha adecuada funcionalidade para o uso das distintas disciplinas deportivas.

En todo caso a xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización





da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte.

No ámbito da programación deportiva desta instalación o Concello de Lalín facilitará o uso gratuíto da instalación para todas aquelas competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte, previa sinatura dun convenio de colaboración entre ambas institucións que regule os aspectos específicos destas actuacións. Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a Secretaría Xeral para o Deporte, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

SÉTIMA: INDEMNIZACIÓNS

No suposto de que, unha vez adxudicadas as obras que se pretenden, no marco deste convenio, estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos á disposición da administración contratante, os prexuízos que tal circunstancia puidese xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello responsable.

No caso de que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ao pago de indemnizacións por tal motivo e concepto procederá a repercutirlle ao concello ofertante dos terreos os importes aboados.

OITAVA: VIXENCIA DO CONVENIO E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata a sinatura da acta de entrega das obras ao concello, co límite máximo de 4 anos de acordo co previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo da posibilidade de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.





A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula oitava, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, son causas de resolución do presente convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a súa prórroga.
2. O acordo unánime de todos os asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

NOVENA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1. Por acordo unánime dos asinantes.
2. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, INTERPRETACIÓN E CONTROL

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.





Na comisión de seguimento e control informárase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme ás limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a administración da Xunta de Galicia non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

DÉCIMO PRIMEIRA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Para a confección e tramitación deste convenio observáronse as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares; no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, polo que se regulan determinadas condicións de execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.

O secretario xeral para o Deporte

O alcalde do Concello de Lalín

José Ramón Lete Lasca

José Crespo Iglesias

